



**Resolución pola que se aproban Instrucións en relación aos acordos de períodos formativos de carácter non laboral entre obradoiros artesáns e aprendices obxecto de subvención concedida ao abeiro da Orde do 12 de febreiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións aos obradoiros artesáns para incentivar a realización de acordos de formación de aprendices, e se convocan para o ano 2019 (IN 201K) ante o Estado de Alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.**

A Resolución de 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, suspendeu e limitou toda actividade educativa e formativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, o artigo 9 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establece que se suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensinanza contemplados no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación, incluída a ensinanza universitaria, así como calquera outras actividades educativas ou de formación impartidas noutros centros públicos ou privados

En base ao anterior, e tendo en conta a situación excepcional derivada da crise do coronavirus COVID-19 e o estado de alarma declarado, de acordo coa disposición derradeira primeira da Orde do 12 de febreiro de 2019, se establecen as seguintes instrucións en relación aos acordos de períodos formativos de carácter non laboral entre obradoiros artesáns e aprendices obxecto de subvención concedida ao da devandita Orde:

**Primeira.- A formación prestada nos diferentes obradoiros en base aos acordos formativos adoptados e que son obxecto de subvención de acordo coas bases aprobadas pola Orde do 12 de febreiro de 2019 quedará suspendida durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma.**

**Segunda.- A suspensión da prestación da formación, motivada por esta situación excepcional, non afectará ás compensacións económicas aboadas polos obradoiros aos/ás bolseiros/as, que continuarán prestándose, así como ás correspondentes cotizacións sociais correspondentes a ditos bolseiros/as.**

**Terceira.- A suspensión tampouco afectará á data de finalización prevista da formación.**